

SECTOR LÁCTEO. O SLG di NON á baixada de prezos do leite ▶ 14-15

LINGUA AZUL. Solicitamos xuntanza coa CMR para concretar incidencias e abordar solucións ▶ 13




ENTREVISTAS. Neste Fouce especial 50 aniversario entre outras personaxes a destacar na historia da organización, falamos con Bernardo Fernández Requeixo, primeiro Secretario Xeral do SLG-CCLL ▶ contraportada



Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano MMXXIII - N° 344 - Xuño-Xullo 2023

O SLG CONMEMORARÁ EN ENCROBAS 50 ANOS DE LOITA



O sábado 23 de setembro o Sindicato Labrego celebrará o seu 50 aniversario nun acto conmemorativo en Encrobas (Cerceda, A Coruña). Será unha xornada de reflexión, celebración e reivindicacións na que poñeremos en valor estas cinco décadas de loita labrega. 50 anos de Comisións Labregas-Sindicato Labrego Galego. Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas. Unha organización única, democrática, independente, nacionalista e solidaria que defendeu, defende e defenderá a terra como medio rural vivo e a dignidade de sermos labregas en canto á produción de alimentos, no agrícola, no gandeiro e no monte. Isto é o que fomos, o que somos e o que seremos. Por outros 50 anos máis cos pés na nosa terra !! ▶ 11



1973 - 2023



Porque o sector lácteo galego segue sen estabilidade na cobertura dos custes de produción

Coa promulgación da Lei da Cadea Alimentaria, e posteriores modificacións, prometéronnos que si ían a garantir os custes de produción.

Toda a facturación de insumos, necesarios para a produción, alimentación, traballos contratados, asesoramento técnico, asistencia sanitarias, reparacións, enerxía e todo o preciso para manter o funcionamento adecuado da granxa. As partidas para amortizar os investimentos necesarios, para substituír renovar ou ampliar a granxa. En canto ao traballo do ou dos titulares, tense que estimar unha remuneración adecuada á súa categoría, xa que son xestores técnicos, sanitarios, económicos, ademais de facer o traballo de producir, e polo tanto, incluíla nos custes, igual que calquera empresa transformadora ou comercializadora (se un accionista ten unha responsabilidade de traballo na empresa é remunerada e entra nos custes, ademais, dependendo do tamaño da granxa, se hai algunha persoa empregada hai que contar a súa remuneración). O valor do arrendamento das terras a un prezo sostíbel, ten que formar parte dos custes sexan propias ou en arrendamento. E por último, se ás industrias e á distribución lles queda marxe despois de cubrir os custes, as labregas tamén debemos participar en algúns marxes de ganancia.

Por outra banda, que o obxectivo da industria sexa colocar unha porcentaxe do leite que recolle o leite en po é unha anomalía. Normalmente duran 4 ou máis anos os prezos ruinosos e no mellor dos casos un ano a prezos sostíbeis. Isto prodúcese porque este mercado aliméntase da produción no cono Sur, Australia, Nova Zelandia, etc, países moi extensos con pouca poboación para consumir o que producen, fundamentalmente en base a pastos, en granxas de varios quilómetros cadrados, polo que, o ano de ciclo máis seco e cando sube o prezo, xa que producen menos. Para elas e eles é rendíbel, para nós non.

De aí que país minifundista como Galiza non debe ter preferencia por conquistar parte dese mercado. E só deberíamos utilizalo en casos extremos. **A política de apoio á transformación do goberno e da Xunta debe ir dirixida a que o leite galego teña a estrutura para poñelo a disposición das consumidoras dende líquido a todas as variantes de valor engadido para que sexa sostíbel a nivel económico e para fidelizar ás persoas consumidoras.** Falta a vertente ecolóxica, que ultimamente as empresas desalentan. Un país como o noso ten as condicións precisas para ir na liña coas propostas da Comisión Europea. A corto prazo un 25% e a medio longo un 50% (iso si, sempre sendo sostíbel economicamente tamén para as produtoras).

Polo tanto, a transformación para mandar o mercado a máis baixo prezo do mundo, e coa oposición das produtoras, hai que substituíla pola dos derivados de valor engadido e tamén incrementar os ecolóxicos. **O SLG leva dende a década dos 70 esixindo remunerar os custe de produción, e dende os anos 80 vimos esixindo políticas de apoio o investimento para produtos de calidade e valor engadido.** A Xunta non fixo os deberes, e xa é hora de que os faga. Pero en ningún caso podemos renunciar a que se nos remuneren os custos. A propia Lei da Cadea Alimentaria di que hai que cubrir os custos, debe ser a que garanta os custes de produción pero falta dotala. Fai falta un traballo de tratamento de datos, realista, testado que nos dea a cifra media de custe fiábel. Debe ser responsábel de poñer eses datos os gobernos de Madrid e Galiza. A famosa conta láctea, pode medir tendencias pero non ten base rigorosa para este fin, parece que é para quedar ben e que todo siga igual.

A AICA pode controlar o proceso se hai denuncias, pero a maioría das produtoras non están en condicións de enfrontarse di-

rectamente con unha denuncia persoal, ademais a AICA pode multar pero non resarce a granxa. As industrias incumpren toda a Lei, dende os prazos para enviar a proposta de renovación, os tempos, a valoración económica etc. Fai falta pois: Que as organizacións agrarias poidamos demandar os incumprimentos das empresas a AICA, e que esta teña os medios para inspeccionar e ditar resolución. Que os gobernos estatal e galego fagan o traballo de estudo e publicación dos custes medios e os publiquen. Que se lexisle a figura dos árbitros para atender os conflitos de incumprimento xa sexa por denuncia, ou debido aos incumprimentos detectados pola AICA, para facer unha resolución rápida para poder reparar as perdas a granxa. Os árbitros que resolveran en Galiza, deberían ser funcionarios, sobre o terreo.

Así pois, que os gobernos se poñan as pilas, para dotar a AICA e a Lei da Cadea Alimentar para aplicala de forma efectiva e se fixera falta a denuncia de interesadas e organizacións agrarias, que fagan efectivas inspeccións dos incumprimentos, que fagan e publiquen os custos de produción, e que lexisen o papel dos árbitros e se dote dos necesarios. Precisamos, tamén, políticas de promoción e financiamento para situarnos nos derivados lácteos de calidade e valor engadido; e impulsar o incremento de ecolóxico na produción e transformación para evitar o monopolio. A nivel galego, cómpre con urxencia convocar unha mesa de seguimento, dado que aquí está máis dun terzo do leite e máis da metade das produtoras, con todas e todos os representantes do conxunto do sector. Non facer isto e seguir dando as costas ás labregas e aos labregos que producen leite e beneficiar ao resto de operadores da cadea. E, por último, renovar as medidas de presión, as empresas, a administración, para evitar a baixada que implica producir por baixo de custes, para deixarmos de ser as pagás e os pagáns de todos eles.

Tódolos contidos deste periódico publicanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN
Noelia Gómez Calvo
Vera Cruz Montoto Vázquez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, Ana Rodríguez Vázquez, Diego Sánchez Agra, Brais Álvarez

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Noelia Gómez Calvo

COLABORACIÓN
Xulio Rodríguez Leiras, Manuel López Díaz, Xosé Álvarez Lombardero, Pepa Baamonde, Bernardo Fernández Requeixo

PECHE DE EDICIÓN 3-08-2023


ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 554 147
prensa@sindicatolabrego.gal
www.sindicatolabrego.gal

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Local da CIG. ☎ 630 970 131
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 679 192 000
AS NOGAIS Casa do Concello (martes) ☎ 679 192 000
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ªE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edif. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edif. Rosales. ☎ 986 625 394
CRECENTE Centro Cultural San Paio. Albeos (luns) ☎ 669 215 346
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

FOUCE ▶ En novembro de 1973, publícase, na clandestinidade, o primeiro FOUCE, definido xa como o voceiro das Comisións Labregas de Galiza. Reproducimos o primeiro editorial:



EDITORIAL

Iste é o único remedio que nos queda: FOUCE. Esta revista quere ser a voz de tódolos labregos de Galicia, de tódolos sin voz.

Os periódicos que se venden nos quioscos somentes poñen o que o Goberno i empresas capitalistas lles interesa, leendoos parece como si o campo fora moi ben i os labregos estiveramos contentos.

Xa vai sendo hora de que nós teñamos a palabra pra decir as verdades do pobo.

Niste Estado español no que estan prohibidas as libertades ,mínimas que hai en calquer país non nos queda outro remedio que editar esta revista de xeito clandestino. Non decimos as verdades que lle gusta ouvir aos caciques e si souberan quenes as din, levaríannos presos.

Pero isto non impedirá que FOUCE se estenda hasta último curruncho do campo galego e que seña liedo por tódolos labregos da Terra.

En FOUCE atoparedes a información sobre o campo que os periódicos oficiais non poñen, as denuncias, as inxusticias que cometen connosco; tamen leeredes artigos instrutivos sobre os múltiples problemas que temos.

FOUCE, por último, será o aglutinante de todos os labregos de Galicia pra crear unha organización forte, invencible, que consiga que todas as terras de Galicia señan nosas, e que nelas poidamos vivir diñamente sin necesidade de emigrar. Esa organización que xa está funcionando, chámase COMISIONS LABREGAS.

Xa tes nas túas mans o primeiro FOUCE, cando remates de lelo mostralle aos teus familiares e veciños, que circule de man en man, que se comente nas tabernas, nas cociñas, a saída da misa, no teleclub, hasta que en todo o campo se implanten as COMISIONS LABREGAS.

PRA DEFENSA DOS
NOSOS INTERESES:
FAGAMOS "COMI-
SIONS LABREGAS"

XULIO RODRÍGUEZ LEIRAS ▶ Membro activo do sindicalismo labrego na Transición

“Houbo un antes e un despois dende a implantación do SLG”



Margarita, Xulio (no centro) e Bastián este mes de xullo na súa casa en Mondoñedo logo de realizarmos a entrevista para este Fouce arredor dos 50 anos do SLG-CCLL.

✓ **Xulio, como coñeciches o Sindicato Labrego Galego - Comisións Labregas e cando comezaches a participar nel?**

Coñecín o Sindicato cando foron as eleccións ás cámaras agrarias. A un dos membros dos CALL -Comités de Apoio á Loita Labrega-, un rapaz novo dunha familia de Mondoñedo, encomendáronlle facer a candidatura e púxose en contacto con determinada xente. Soubo buscar os contactos axeitados e fóronlle dicindo. Foi todo un milagre que fora capaz aquel rapaciño de facer unha candidatura das Comisións Labregas a contracorrente do poder establecido, non era unha tarefa

fácil!

✓ **E como saíron as eleccións?**

Daquela pareceunos que non saíran ben, pero visto o visto, eu creo que saíron bastante ben, porque os chamados independentes sacaran 7 e nós 5 ou algo así. Montaron as candidaturas con persoas de peso e relevancia social, independentemente de que tiveran máis relación ou menos co campo. O contacto máis frecuente e máis próximo era sempre coa Pepa Baamonde.

✓ **Estiveches detido en Compostela. Que lembras diso?**

Foi a raíz dunha protesta que fixeramos polo tema da cota em-

presarial. Daquela decidíramos, para chamar a atención no sentido de concienciar á sociedade do problema, instalarnos na presidencia da Xunta en Santiago de Compostela, nun lugar público con moita afluencia. Houbo un pequeno forcexo coas forzas de seguridade. Lembro que na saída estaba o furgón da policía agardando na parte na que tiñamos que saír e xa non saímos, xa ingresamos no furgón. Estivemos detidos 2 ou 3 días.

✓ **Compartiras cela co señor Xulián. Recordas algo del?**

Era unha persoa maior xa daquela, nós eramos relativa-

mente novos. O que máis nos chamou a atención era que levava aquilo a aquela tranquilidade de espírito co que o levaba. Aproveitou para durmir moito e descansar do traballo diario [risas] e de broma dicía: "non sei cando nos darán soldado e teño que levar uns ranchos á feira". Pero alí tamén había xente que estaba moi preocupada. Eu non estaba preocupado por min, senón pola familia. Acababamos de saír do franquismo e iso de que unha persoa estivese no cárcere era grave, no sentido de vergoña. Iso tíñame preocupado por meus pais e sabía perfectamente o alcance diso para eles.

✓ **Se volveras ao pasado volverías a actuar así?**

Si, sen lugar a dúbidas. É fácil dicir faría ou non faría, pero eu non estou arrepentido de nada do que fixen. Sempre me parece que non fixen nada na vida se miramos a outras persoas que se entregaron aos dereitos colectivos sen reservas. Nosoutros somos polo que eles foron. Eu estou orgulloso de todo iso, non sinto vergoña. Pero meus pais non tiñan esa conciencia.

✓ **Hai algunha anécdota daqueles anos que queiras compartir con nós?**

Lembro estarmos nunha ocasión en Lugo -tamén se trataba de ocupar un edificio público-. Pensabamos que virían desaloxarnos pero nós tiñamos que facernos fortes e se trataban de sacarnos que nos sacaran á forza pero non pola nosa vontade. E repite un compañeiro: "sacarannos á forza pero por vontade non". Entón di o señor Andrés, "pero vamos a ver non é preciso matinar tanto, somos españois ou que" [risas].

✓ **Que ensinanza extraemos destas palabras?**

Eu son dos que pensa que o camiño que escolle unha persoa na vida tende ás veces dun fío tan delgadiño que da mesma maneira que puidiches coller para a dereita puidiches coller para a esquerda. As circunstancias dun momento dado poden ser determinantes para toda unha vida. Por iso ten tanta importancia a ensinanza, porque antes un mestre ou unha mestra podía determinar a túa vida. O fascismo sabía moi ben esas cousas. O fascismo xa limpou toda a ensinanza de persoas relevantes, seleccionou á xente. Se nos detemos en certas persoas do mundo da cultura e das letras que foron significativas, se vas á raíz sempre hai algo diso. O propio Manuel María, por exemplo.

✓ **E se digo "Comisións labregas en todas as aldeas", que me dis?**

Lémbreme ao lema daqueles tempos. Os obxectivos eran eses. As cousas é raro que se cumpran todas, segundo os desexos de cada quen, pero en boa parte ese lema si que se cumpriu, porque con máis ou menos forza e concienciación sindical e política, podemos dicir que efectivamente fomos coñecidos en case todas as aldeas.

✓ **A túa actividade e participación social naqueles anos xa era importante no Sindicato.**

Foi a actividade dun militante e afiliado. Ninguén era máis ou menos, cada un cumpría a tarefa que entendía que podía e debía cumprir. Se unha persoa pola súa militancia ocupaba un cargo de máis responsabilidade que outra non significaba que por iso foi máis importante que outra. Cada un estivo no seu papel. Aquí había un grupiño de xente, entre 8 ou 10 persoas involucradas. Aquí, no baixo desta casa, eran as reunións do Sindicato.

✓ **Acórdaste do nome dalgúñas compañeiras ou compañeiros? Ti agora es a súa voz.** Para facilitarnos a memoria, podemos comezar pola candida-

tura ás cámaras agrarias: Victorino, o señor Aquilino, Santiago, Daniel, Pepe (Bastián)... xente comprometida e disposta a facer o que debía facer. E por suposto, Margarita. Ela tiña outra profesión [era mestra], pero o seu apoio foi sempre fundamental, sobre todo cando estiven detido. Sen ela eu non estaría preocupado, estaría preocupadísimo. Eu sabía que era

“Estas loitas das Comisións Labregas serviron para facernos sentir labregas e labregos con orgullo, en definitiva, o orgullo de SER ”

un bálsamo que estaba aí. E esta casa realmente estivo ao servizo da causa, tanto a nivel sindical como político. Aquí non só se facían as xuntas, aquí chegaba o material, viñan a por el, preparabamos a documentación, etc. Sen a colaboración de Margarita iso non podería ser posible. Iso téño clarísimo.

✓ **Neste 2023 faise 50 anos da saída do Fouce. Lembras se chegaba algún?**

Si, pero habería que distinguir a xente que non era tan próxima á organización con nós. Para ela o Fouce si que debía ser unha ferramenta importante de información. En canto a nós, cando chegaba, xa estabamos ao tanto dos temas.

✓ **Sabemos que a actividade**

cultural ocupa, agora, unha parte importante da túa vida, sobre todo aquí en Mondoñedo. Fálanos diso.

A cultura é o cultivo do espírito e ten unha importancia fundamental na sociedade. Nós adoitamos poñer en valor as diversas actividades espirituais, e elas veñen da man da cultura. Aquí estamos na recuperación da memoria, non só dos silenciados e fusilados, tamén de moitas persoas, homes e mulleres, que a través dos seus libros, do seu facer no día a día, deixaron tal legado que nós hoxe somos o que somos porque eles foron. E é lamentábel que a ensinanza non se preocupe de coñecer a historia local: Leiras Pulpeiro, Álvaro Cunqueiro, Lence-Santar, Pascual Veiga, Noriega Varela ou Luis de Luaces, aquel home que lle fixo unha festa á arbore, tal vez a primeira festa que houbo en Europa, arredor de 1569.

✓ **Defensor do rural e do cultural. Cal dirías que é a relación entre a cultura e o rural?**

No rural había unha cultura propia cuns valores propios que non había nas vilas e no urbano. Recordo, por exemplo, nalgúns barrios haber rifas diarias... formaba parte da cultura, pero a solidariedade e a hospitalidade era grande. Sempre foi así. Os traballos obrigaban a ser así.

✓ **Xulio, pensas que foi importante o labor do Sindicato Labrego Galego durante estes 50 anos de loita para reforzarnos as labregas e os labregos a identidade e forza da nosa profesión?**

Houbo un antes e un despois dende a implantación do Sindicato Labrego Galego - Comisións Labregas. Por un lado, en canto ao grao de autoestima que gañaron as persoas en canto á idea de estar unidas para lograr metas, e por outro, para reforzarnos. Estas loitas das Comisións Labregas serviron tamén para facernos sentir labregas e labregos con orgullo, en definitiva, o orgullo SER.

MANUEL LÓPEZ DÍAZ ▶ (1939) Integrante das Comisións Labregas na Fonsagrada

“A min coñecíanme polas Comisións Labregas”

✓ Señor Candelos, como coñeceu o Sindicato Labrego?

Eu non pagaba a cota empresarial e había poucos que dicían que non pagaban (había máis dos que pensabamos pero non dicían nada porque tiñan medo de que os caciques lles mirasen mal). Despois íase descubrindo quen pagaba e quen non. No meu caso, atopeime na Fonsagrada nunha feira no campo con Manuel García Mel. Parece que aínda o estou vendo cun xersei amarelo e unha chaqueta negra. Arrimeime alí e vin que falaban algo da cota e eu como non pagaba prestei atención ao que estaban dicindo e comecei a conversar con el, porque como non pagaba a min interesábame escoitalo. El dicía o que eu quería oír. E foi aí cando comezamos a ter contacto co Sindicato.

✓ Que sucedeu cando deixou de pagar a cota?

Cando deixamos de pagar a min foi ao primeiro que me veu unha carta de reclamación. Entón un día marchei a Lugo e estiven falando coa xente do Sindicato e dixéronme que coma min había moitos. Dende aquel momento non me volveron a molestar máis. As labregas e os labregos houbo moitas que non pagaron daquela, pero pagaron despois cando lles chegou a carta, na que se dicía que lles ían embargar os seus bens no caso de que non pagasen.

✓ Vostede foi a cara máis visible do SLG na Fonsagrada. Percorreu case todas as aldeas co seu Land Rover recoillendo xente.

Si, por iso foi cando me coñeceu a xente. Despois cando fun con-



Manuel López Díaz canda o seu xenro, Xosé Álvarez Lombardero, na horta da casa familiar en Candelos (A Fonsagrada).

celleiro a min coñecíanme polas comisións labregas, porque eu ía ao mercado e a xente que non pagaba andaba detrás de min como o cordeiro detrás da ovela. E comecei por aí.

✓ O da cota empresarial botou moitos anos pero foi unha loita gañada. Ao final quitárona.

Nos últimos anos había moitas persoas que non pagaban. Como vían que outras labregas e labregos non pagaba e non lles pasaba nada, pois moita outra tamén deixou de pagar.

✓ Tiña un consello parroquial e tamén formaba parte do consello comarcal. Como era

ese traballo interno?

Xuntabamonos un día á semana na casa de Jaime e falabamos dos beneficios que podía ter o Sindicato Labrego Galego.

✓ Cre que o traballo do Sindicato, nestes 50 anos, serviu para resolver as cuestións máis importantes do agro?

Sobre todo polo tema da cota. Unha anécdota que teño é que hai anos estaba na Caixa de Aforros e chegou unha muller coñecida miña e preguntoulle ao director se tiña que pagar a cota empresarial, algúns dicían que si e outros que non, o director sabía todo e non sei como lle dixo iso diante de min: "hai que pagar, señora, que senón em-

bárganlle". E eu díxenlle: "vostede pague se quere, embargar non lle van embargar". E marchei. Non souben se pagou ou non. Logo dos anos de ditadura, a xente do rural non sabía o que era a democracia. Custoulle entendelo. Moitas persoas preguntábame a min o que era a democracia. Escoitaban falar dela nos medios de comunicación e na televisión pero non sabían o que era.

✓ Algún nome de compañeiros que lembres que estiveran contigo nesta etapa?

Castiñeiras, Pedro Luaces, Lois Diéguez, Milucho Mito, Rauleto, Suso de Navia, etc. E moitos máis.

XOSÉ ÁLVAREZ LOMBARDERO ▶ Representante do SLG en Ternera Gallega (2002)

“Vivía o SLG con moita ilusión, formaba parte da miña vida”



Xosé Álvarez Lombardero e Manuel López Díaz, canda Azucena López Álvarez e María Elsita Álvarez Pasarín no mes de xullo.

✓ No teu caso, como coñeches o Sindicato Labrego?

Coñecín o Sindicato Labrego Galego pola xente de Candelos. Eu non estaba relacionado co mundo labrego, pero cando coñecín á miña muller, Azucena, decidimos seguir coa granxa e de aí vincúlase a continuidade da actividade no Sindicato Labrego. Comecei xusto na asemblea na que foi elixida Lidia Senra como Secretaria Xeral da organización e entrei xa formando parte do consello e dos órganos de dirección.

✓ Estiveches dentro da dirección nacional do SLG. Como valoras esa etapa?

Naqueles momentos o Sindicato era o referente en Galiza en canto á actividade sindical e á unión en canto a asociación. Na Fonsagrada practicamente naqueles momento só existía o

Sindicato Labrego. Eu teño un recordo positivo porque para min era a única organización referente.

✓ En que se diferenciaba doutras organizacións?

Diferenciábase sobre todo na participación nas manifestacións, nas demandas nas cotas do leite, no tema da carne que houbo un período que non daban subvencións e recordo participar, na Fonsagrada, en encerros. Para min e para moita xente falar do Sindicato era falar do referente.

✓ Nas eleccións a Ternera Gallega, arredor de 2002, encabezaches a nosa lista, sendo a máis votada.

Antes diso participei na creación de Ternera Gallega na Fonsagrada. Despois dunha crise forte que houbera dos prezos,

houbera unha serie de reunións na Fonsagrada impulsadas pola xente da extensión agraria, onde convocaron ás cooperativas, e fomos convocados para sacar unha carne diferenciada, porque daquela había unha determinada carne no mercado que se vendía como tenreira galega e non había diferenciación en canto ao prezo. Entón o que foi o primeiro presidente de Ternera Gallega, Maximino Viaño, empezou a invitarnos e comezamos a participar en reunións, tanto aquí como en Santiago, e foi aí cando se creou Ternera Gallega.

✓ Fálanos desas eleccións.

Despois dun período de actividade crearon un Consello Regulador e convocáronse eleccións. Dende o SLG ofrecéronme encabezar esa candidatura e foi todo un éxito e unha sorpresa moi

agradábel porque toda a organización se implicou moitísimo. Unha vez alí xa se comezou a traballar na diferenciación da tenreira galega. Recordar que o SLG só se presentou no censo de granxas tradicionais, porque xa daquela tiñamos claro que non deberamos presentarnos en cebadeiros, e continuamos con esa demanda de que as granxas tradicionais tiñan que ter unha diferenciación. Foi a través de reivindicacións que se creou a tenreira galega suprema. Tratouse dun período moi activo.

✓ Estiveches anos en Ternera Gallega e tiveches un gran recoñecemento non só por parte do SLG. Iso non se logra se non hai un comportamento de bo representante.

Para min o mellor recoñecemento é a valoración da xente. Foi unha sorpresa que na segunda lexislatura se me propuxera para vicepresidente tamén. É dalgunha forma valorar o comportamento dos anos dos que eu persoalmente me sinto orgulloso.

✓ Adoitabas viaxar dende aquí (Candelos) até Santiago, que aínda queda lonxe. Ese interese xa di moito da túa persoa.

Eu tiña a vantaxe de que naquel momento podían atender a granxa na miña ausencia. Sabía que aínda que volvera ás 10 da noite ía estar atendida. Chegar dende Candelos a Santiago levábame arredor de dúas horas e media, pero era algo que vivías. Vivía o Sindicato Labrego Galego con moita ilusión, formaba parte da miña vida.



1.- Xosé Álvarez Lombardero «Candelos» (A Fonsagrada)



2.- Alfredo López Fernández. (Baralla)



3.- Mª Pilar Sánchez Casanova. (Sobrado dos Monxes)



4.- Xosé Luis Rodríguez Maceda. (O Incio)



1º Suplente. Mª Elvira Diéguez Díaz. (Monte de Ramo)



2º Suplente. Adolfo Cabarcos Saavedra. (Xermade)

Programa electoral do SLG ás eleccións ao Consello Regulador de “Tenreira Galega”

O Sindicato Labrego Galego – Comisións Labregas (S.L.G. - CC.LL.) adoptou, no seu momento a decisión de non presentar candidatura ao censo B de cebadoiros, de só presentar-se ao censo A, que é o censo das explotacións gandeiras, decisión que imos seguir a manter, por entender que este é o único xeito de defender a produción de carne de calidade e o futuro das explotacións produtoras de carne da Galiza.

DEFENSA da Tenreira Galega “SUPREMA”.

Seguirá a ser o eixo central do noso programa, xa que responde á práctica levada dentro do Consello Regulador desde que estamos presentes no mesmo, por medio do noso representante e cabeza de lista para estas eleicións: José Álvarez Lombardero, desde que ganamos as eleicións do 3 de Agosto de 1997.

Aplicación rigurosa do regulamento de “Tenreira Galega” en todo o que ten a ver con as distintas tipificacións que establece o mesmo.

Inspeccións de control de cumprimento do Regulamento, tanto nos estabulos das explotacións como nos cebadoiros, atendendo á proporción que representan á hora de marcar animais.

Proporase desde o SLG que os becerros dos cebadoiros sexan identificados en orixe.

Seguiremos a defender que o 75% dos recursos que xestiona o Consello Regulador se destinen a potenciar e promover a Tenreira Galega “SUPREMA”.

Aplicación rigurosa do Regulamento de Tenreira Galega.

Inspección das explotacións e dos cebadoiros inscritos sobre o cumprimento do Regulamento.

Identificación dos becerros dos cebadoiros en orixe.

Promoción da Tenreira Galega “Suprema”, destinando o 75% do orzamento do Consello Regulador para este fin.

PLANO DE ALIMENTACIÓN ESPECÍFICO PARA I.X.P. “TERNEIRA GALEGA”

Quando o Sindicato Labrego Galego se incorporou ao Consello Regulador unha das primeiras batallas que dimos foi a da alimentación animal, por entender que este asunto é de crucial importancia para a obtención de carne de calidade.

As nosas propostas sempre foron orientadas no sentido de que as racións se basearan unicamente en cereais e que no se admitise o uso de produtos modificados xeneticamente (transxénicos) nen antibióticos como a Monansina. Produto recentemente eliminado de entre os que poden entrar na composición das racións dos animais da I.X.P., a proposta do SLG e despois de ter que atravesar a crise das vacas “loucas”.

As racións alimentares teran como base os cereais. Prohibición do uso de Organismos Genéticamente Modificados (O.X.M.), tamén coñecidos como transxénicos.

Prohibición de uso de cualquier tipo de antibióticos na alimentación. Prohibición de uso de cualquier tipo de potenciadores do crecemento tanto directamente como na elaboración das racións alimentares.

Prohibición de uso de cualquier tipo de potenciadores do crecemento tanto directamente como na elaboración das racións alimentares.

Prohibición de uso de cualquier tipo de potenciadores do crecemento tanto directamente como na elaboración das racións alimentares.

Prohibición de uso de cualquier tipo de potenciadores do crecemento tanto directamente como na elaboración das racións alimentares.

Prohibición de uso de cualquier tipo de potenciadores do crecemento tanto directamente como na elaboración das racións alimentares.



ROTULAXEM E CONTROIS

Unha preocupación permanente deste sindicato é a de garantir a calidade da nosa carne por iso estamos moi interesados no bon funcionamento do sistema de control. Neste sentido propomos que se establezan dous tipos de controladores: uns para controlar as racións alimentares e outr@s para a marcaxe e identificación dos animais.

Propuxemos no anterior Consello Regulador e seguiremos a propor neste, que a rotulaxe ou etiquetado da carne se faga con maior rigor, incluíndo a comarca da explotación ou cebadoiro de procedencia e a identificación da mesma.

No que se refire aos puntos de venda debemos seguir facendo finca-pé na necesidade de proceder a controis mais rigurosos nos puntos de venda, principalmente nas grandes superficies comerciais, así como na necesidade de que por parte da empresa de control externo se informe periodicamente dos resultados obtidos ao Consello Regulador.

Establecemento de dous tipos de controladores: uns para os animais e outr@s para a alimentación.

Rotulaxe da carne onde se faga constar a comarca da explotación ou

cebadoiro de procedencia e identificación da mesma.

Controis mais rigurosos sobre os puntos de venda, principalmente nas grandes superficies comerciais.

Control sobre o sistema de pesaxe das carcasas nos matadoiros.

Información periódica da empresa de control externo perante o Consello Regulador.

COMERCIALIZACIÓN

Proporemos que desde o Consello Regulador de Tenreira Galega se promovan accións para tentar comprometer ás carnicerías tradicionais con o proxecto da Indicación Xeográfica Protexida Tenreira Galega a medio de convénios de colaboración con axudas para a promoción publicitaria da Tenreira Galega “Suprema”.

Promover accións para tentar comprometer, con axudas, ás carnicerías tradicionais con o proxecto da I.X.P. mediante campañas publicitarias de promoción da “Suprema”.

PREZOS

Segundo os datos que dispon o Consello Regulador demostran que unha cantidade importante de explotación que inicialmente marcan os seus becerros a medio da I.X.P. – T.G. ao final non son certificados e a explicación fundamental que se dá para que isto sexa así é a diferenza de prezos, por iso desde o Sindicato Labrego Galego entendemos que a mellor maneira de que cada vez mais explotacións labregas se incorporen ao proxecto de Tenreira Galega é a medio de que haxa prezos diferenciados e garantidos para os distintos tipos de carne que se comerciali-

za polo Consello Regulador. A existencia de un maior prezo en orixe para a “Suprema” é a mellor garantía para que as explotacións labregas que hoxe non comercializan a medio de Tenreira Galega se incorporen a este proxecto, por todo isto o S.L.G. – CC.LL. propon:

Funcionamento regular da Mesa de Prezos da I.X.P. Tenreira Galega (T.G.).

Os acordos adoptados nesta Mesa de Prezos serán de obrigado cumprimento para as partes.

A compra-venda realizárase a medio de contratos homologados establecendo-se prezos mínimos diferenciados para T.G. “normal” e “suprema”.

ESTRUTURA DO CONSELLO REGULADOR E NOMEAMENTO DO PRESIDENTE/A.

Entendemos que debe ser modificado o reparto de vocais entre @s que corresponde ás explotacións e @s cebadoiros. Nestes momentos o 94% d@s inscrit@s corresponden ás explotacións e só o 6% corresponden aos cebadoiros, en cambio @s vacas que lle corresponden a estes son 3 e ás explotacións só son 4. Ese reparto desproporcionado de vocais dentro do sector produtor debe ser modificado, pasando a corresponder-lle, como mínimo, ao censo A de explotacións 5 vocais e os 2 restantes para os cebadoiros.

Tendo de conta o acontecido na pasada lexislatura con a eleición do Presidente do Consello Regulador, nomeamento a dedo por parte do conselleiro de agricultura, o S.L.G. segue a propor que @

Presidente do Consello Regulador debe ser elixido de entre @s vocais elect@s no proceso electoral.

Neste mesmo sentido prponse que a eleición do Vice-presidente lle corresponda ao outro sector, de tal maneira que se a presidencia recaer sobre o sector produtor a vice-presidencia corresponderíalle nomear ao sector transformador ou industrial e viceversa.

Desde o Sindicato Labrego Galego proporemos que os plenos e as actas das sesións sexan públicas.

Entendemos que a I.X.P. “TERNEIRA GALEGA” debe ter plena personalidade xurídica, para deste xeito preservar a súa independencia e non ver-se sometida a inxerencias externas. A adopción da plena personalidade xurídica en absoluto debe afectar o financiamento da I.X.P., dado que os seus orzamentos proveñen da aportación d@s inscrit@s e dos subsidios recibidos fundamentalmente da Unión Europea en base a programas de traballo e cofinanciados na parte que lle corresponde ao Ministerio e á Consellaría.

Redistribución d@s vocais que lle corresponden ao sector produtor.

@ Presidente do Consello Regulador deberá saír de entre @s vocais elect@s no proceso electoral.

@ Vice-presidente corresponderá-lle a un/unha dos representantes do outro sector.

Os plenos e as actas serán públicas.


Buscar fórmulas para que a I.X.P. “TERNEIRA GALEGA” goze de plena personalidade xurídica

PRECIOS XUSTOS prós nosos produtos



FORA CACIQUE
FORA COTA

NA NOSA TERRA GALEGA,
DO RIBEIRO A TERRA CHÁ
ÉRGUESE A CLASE LABREGA.



COMISIOS LABREGAS
SINDICATO LABREGO GALEGO

O NOSO SINDICATO
CONTRA O CACIQUE LADRÓN

A NOSA FORZA É A UNIÓN
NO SINDICATO LABREGO
CONTRA O CACIQUE LADRÓN



FORA A CUOTA

SALIMOS OS LABRADORES
CONTRA A CUOTA EMPRESARIAL
CON ABEÑOS E TRACTORES



ESTO NO PODE
SEGURAR QUE VA
A SER DE NOS
TRAI O PACTO

Y DEL GOBIERNO
Y DEL GOBIERNO

TOMADE
CUOTA!

NINGUEN NOS FARÁ PAGAR
E A TANTA XENTE QUE SE UNE
NON HAI QUEN POIDA EMBARGAR.



ABAIXO AS
HERMANDADES DE CACIQUES

ABAIXO OS DO CHUPON
E A SVA ESPLATACION

ESIXIMOS NÓS AS FEIRAS
PRA VENDER OS NOSOS PORCOS
E ABRIRON QUEIRAS NON QUEIRAS



O QUE TEMOS QUE MERCAR
VAI POLAS NUBES. E O NOSO
CASE O TEMOS QUE TIRAR.



E LOGO DIN: LOS GALLEGOS
EMIGRAN POR
DEPORTE...

TEU PAI!!!

LEITE A DECESEIS PESETAS
AS PATACAS NIN AS QUEREM...
TODO SE VOLVE EN PUÑETAS




OS CACIQUES VIVEN BEN:
ROUBANNOS NO QUE NOS VENDEN
NO QUE NOS MERCAN, TAMÉN



CONTRATO DO LEITE

- 1- PRECIO NEGOCIABLE CADA 6 MESES. AGORA 23PTS. LITRO
- 2- O LEITE PASA A PROPIEDAD DO COMPRADOR NA ENTREGA O PE DO CAMION.
- 3- AS EMPRESAS COMPROMETERANSE O PAGO DA CALIDADE ESTIPULADA E O CONTROL SERA LEVADO POR PARTIDA DOBLE: LABREGO-EMPRESA.
- 4- AS CENTRALES LEITEIRAS TERANSE QUE COMPROMETER A RECOLLER TODA A PRODUCCION DE LEITE EN CALQUERA EPOCA DO ANO E PAGO DO MESMO A PRIMEIROS DO MES SEGUINTE.
- 5- AS CENTRALES COMPROMETERANSE A RECOLLER O LEITE ACEDO.



CONTRATO DO LEITE

PRA GANAR ESTA BATALLA
TEMOS A FORZA DA UNIÓN
E NADA MÁIS NOS FAI FALLA

E NAS 'COMISIOS LABREGAS'
AGORA XA ESTAN UNIDAS
TODAS AS ALDEAS GALEGAS



CONTRATO DO LEITE

PORQUE OS LABREGOS UNIDOS
POLAS 'COMISIOS LABREGAS'
XAMAI SEREMOS VENCIDOS



LOITA
CON NÓS POLA
reforma
agraria
galega



COMISIOS LABREGAS
SINDICATO LABREGO GALEGO



AFILIEATE!

PEPA BAAMONDE ▶ Integrante dos Comités de Apoio á Loita Labrega (CALL)

“É necesario estar alerta para non dar marcha atrás e perder dereitos conquistados”

✓ **Pepa, fuches partícipe nos Comités de Apoio á Loita Labrega. Cóntanos.**

Empecei a traballar nos CALL, cando estaba destinada en Villarente (Abadín) no Curso 1975-1976. Non lembro moi ben como contactei coa organización. O que si recordo é que xa organizamos un concerto De Fuxan os Ventos (agora que están celebrando os 50 anos de existencia) no local da escola. No ano 1977 trasladeime a Ribadeo e durante tres anos traballei como membro dos CALL nos concellos de Ribadeo, Barreiros e tamén Mondoñedo.

✓ **Como era o voso traballo?**

Contactábamnos con algún labrego, que se encargaba de falar con algún máis para facer as primeiras reunións e afilialos ao Sindicato. Nese momento a xente acudía ás convocatorias porque estaban desexando falar despois de 40 anos de censura. En canto había algún afiliado xa se encargaba de facer as convocatorias. Os medios eran escasos, xuntabámonos en casas particulares, cando aumentou o sindicato xa puidemos utilizar locais como os teleclubs que aínda quedaban nas aldeas.

✓ **Fálanos das asembleas que organizabades.**

No momento en que empezou a loita en contra da Cota Empresarial Agraria as asembleas foron moi numerosas, pero cando houbo reunións realmente duras foi no momento en que se convocou a folga do leite, xa que había posturas encon-



Pepa Baamonde na entrada do local nacional do SLG en Compostela este xullo.

das. Nese momento viñeron outros sindicalistas, como por exemplo Milucho, con máis experiencia e coñecementos dos que tiña eu para dirixilas. En todo caso tomaron decisión moi firmes, como a de Non pagar a Cota e tamén moi duras como a de non entregar o leite. Foron anos de loita labrega moi forte e moi combativa.

✓ **Como se viviu a loita dende**

a pel das mulleres?

Nos CALL ademais de mestras, integráronse outras mulleres que tamén traballaban no mundo rural como as axentes de Extensión Agraria. Estas mulleres solidarias, fortes e decididas foron decisivas en loitas como a que se deu para paralizar a Central Nuclear de Xove. Sen esquecer as propias labregas que estaban presentes en todas as loitas.

✓ **Botando unha ollada cara ao pasado, como ves eses anos dende a actualidade?**

Foron anos de moitas expectativas, con moitas esperanzas postas no futuro e ningún esforzo nos parecía suficiente. Tiven a oportunidade de coñecer a moitas persoas solidarias que de forma desinteresada entregaban o seu esforzo, o seu tempo e tamén o seu diñeiro polo soño de construír unha Galiza mellor e un mundo mellor. Hoxe, creo que non hai que renunciar á utopía e tamén que é necesario estar sempre alerta para non dar marcha atrás e perder dereitos conquistados.

✓ **No primeiro Fouce de novembro de 1973, entre outras cuestións, defendíase o uso da lingua galega como medio de expresión do xornal. Ti fuches represaliada por dar aulas en galego.**

Cando foi o conflito de Dices-Rois ou xa levaba 10 anos dando aulas en galego sen problemas. No ano 1979 promulgouse o Decreto para a incorporación da lingua galega ao ensino, coñecido como Decreto de Bilingüismo. Esta norma provocou varios expedientes a mestres que estaban a dar as aulas en galego. No meu caso foi considerado como "falta grave" e impuxéronme a sanción definitiva de traslado con cambio de residencia. Previamente estivera sancionada provisionalmente con Suspensión de Funcións e cobrando a terceira parte do salario durante seis meses.

23 DE SETEMBRO
EN ENCROBAS

50 ANOS
SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS



anos **sindicato**
labrego galego
comisións labregas
construíndo
o futur\$

VELUTINAS ▶ Foron detectadas velutinas durante o trampeo primaveral, e dende o mes de xuño en colmeas e apiarios, presaxiando un ano complicado

Alertamos da elevada presenza de Vespa velutina e propoñemos unha batería de medidas á Xunta de Galicia

Dirixímonos a Medio Rural e Medio Ambiente para que asuman as súas responsabilidades no control de especies invasoras

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL), Isabel Vialba Seivane, dirixiuse hoxe ás consellarías de Medio Rural e Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para alertar da existencia dunha significativa presenza do tártago de patas amarelas (*Vespa velutina nigrithorax*), ao tempo que demandou á Xunta de Galicia a asunción das súas responsabilidades no control da expansión desta especie invasora e solicitou unha xuntanza coa persoa responsable desta área nas respectivas Consellerías.

Na presente tempada, os abelleiros e abelleiras detectaron xa unha elevada presenza de velutinas na súa rede de trampeo primaveral, e no mes de xuño visualizaron individuos do tártago asediando as colmeas e cazando abellas nos apiarios. Dende mediados de xuño, xa se comezou a ver presenza do tártago arredor da froita que comeza a madurar. Este elevado número de raíñas na primavera e a presenza tan temperá nos apiarios, fai presaxiar que será un ano especialmente complicado en canto á existencia de niños de Vespa velutina, con consecuencias que poden ser devastadoras.

Entre as medidas necesarias para facer fronte á gran expansión da Vespa velutina nigrithorax na presente campaña 2023,



Na imaxe, unha mostra dunha velutina nunha colmea este verán en Xudán, A Pontenova (Lugo).

dende o SLG urximos á súa inclusión nos catálogos galegos de especies invasoras -xa está considerada como tal no "Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras"-.

Urxe un plan de actuación galego da Vespa velutina

Ao mesmo tempo, tomando como base a "Estratexia para o control, xestión e posible erradicación do Avispón asiático ou Avispa negra (*Vespa velutina* ssp. *nigrithorax*) en España", é imprescindible a elaboración dun protocolo ou plan de actua-

ción galego para a detección, control e/ou erradicación da Vespa velutina que aborde con contundencia esta problemática.

Nesta liña, é preciso o fomento da investigación sobre o ciclo biolóxico e comportamento da Vespa velutina nigrithorax na Galiza, así como das ferramentas de trampeo (tipos de trampas e atraentes) máis efectivas e menos prexudiciais para outras especies, priorizando o trampeo masivo coordinado, así como a actuación anticipada sobre os niños pri-

marios, fronte á retirada de niños secundarios.

Para unha acción eficaz que dea resposta á crecente preocupación entre os sectores produtores, entre os que destaca a inquedanza do apícola, vitivinícola e de producións vexetais, dende o Sindicato Labrego Galego - Comisións Labregas solicitamos á Xunta de Galicia o establecemento dun plan da Consellería do Medio Rural a fin de abordar a problemática da perda de produción nas granxas afectadas pola presenza descontrolada desta especie.

TREBOADAS ▶ As fortes treboadas de maio e xuño provocaron perdas nas colleitas dende o norte até o sur da Galiza afectando a varios sectores

Demandamos unha valoración dos danos provocados polas treboadas e a apertura de liñas de axuda directa

Instamos á Xunta de Galicia a crear un comité centrado no estudo das repercusións do quecemento global no agro galego

Os episodios de fortes treboadas con choiva e aparato eléctrico desatados en xuño están afectando de xeito directo á produción de alimentos no noso país, presentándose casos de graves perdas ao longo de todo o territorio e impactando en distintos sectores produtivos.

Dende o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas solicitamos á Consellaría do Medio Rural, a mediados de

xuño, que proceda a realizar unha valoración de danos nos cultivos e nas granxas, así como a apertura dunha liña específica de axudas, a fin de contar cun estudo de danos e proceder á indemnización ás granxas por estas perdas.

Na zona de Castro de Rei, por exemplo, as labregas e os labregos están padecendo os efectos de practicamente dúas semanas con treboadas e fortes choivas, contabilizándose importantes perdas no millo que estaba nacente e na herba que estaba lista para ensilar. Estas circunstancias redundarán en perdas para as granxas vinculadas ao aumento de custos de produ-

ción. Do mesmo xeito, no sur do país, na provincia de Ourense producíronse estragos no centeo, así como o anegamento de producións de patacas e un aumento do mildiu, que tamén se constatou nas vides, presentando serias dificultades para o seu tratamento por mor da alta humidade combinada con temperaturas cálidas.

Atopámonos con que no mes de maio tivemos unha climatoloxía máis propia do mes de abril, batendo contra as colleitas xa avanzadas. Neste sentido, dende o Sindicato Labrego Galego reiteramos a pertinencia de que a Mesa da Seca activada pola Xunta de Galicia incorpore

tamén ás súas análises e medidas a realidade da mudanza climática.

Asemade, consideramos imprescindible a creación dun espazo específico de análise, seguimento e actuación que permita anticiparnos ás consecuencias desta alteración meteorolóxica no sector produtor de alimentos, un órgano de traballo constituído por referentes científicos e representantes das labregas e dos labregos, que elabore estudos prospectivos e propoña medidas que permitan que as granxas poidamos adiantarnos a futuros prexuízos derivados do actual quecemento global.

LINGUA AZUL ▶ Ao igual que nas campañas precedentes, persisten as reaccións adversas na cabana gandeira vacinada da lingua azul

Solicitamos xuntanza coa CMR para concretar as incidencias derivadas da vacina da lingua azul e abordar solucións

O SLG-CCLL pide á Xunta de Galicia aclarar o número de animais afectados e traballar na procura de solucións a esta problemática

e medidas de control e erradicación desta enfermidade, sendo unha vez máis varias as granxas que se viron afectadas con incidencias relevantes no gando vacinado -de xeito diferenciado mortes e problemas no ciclo xestante que están dando lugar á momificación de fetos, abortos, infertilidade...-.

A raíz da confirmación de circulación no sur de Galiza do virus da lingua azul o pasado 17 de Febreiro de 2023 e á modificación dos anexos I e II da Orde APA/1251/2020, foi activada na Galiza a campaña de vacinación

O pasado 11 de xullo o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labrega, a través da súa Secretaria Xeral, Isabel Vilalba, dirixímonos á Consellería de Medio Rural para solicitar unha xuntanza coa persoa responsable da área de vacinación animal co fin de concretar o grao de incidencias e afrontar unha posíbel solución á problemática da lingua azul. Ante ausencia de resposta por parte da CMR ao SLG, o mércores 19 de xullo volvemos reiterar a nosa petición de xuntanza mediante outro escrito presentado nos rexistros correspondentes.

Non é unha cuestión dun número mínimo de granxas afectadas nin de causas pequenas: trátase de que a Consellería de Medio Rural se poña ao servizo desas granxas para tentar corrixir perdas e complicacións.

SECTOR LÁCTEO ▶ Ameazas de baixada, incumprimento da Lei da Cadea e a Consellaría do Medio Rural desaparecida

O SLG di NON á baixada de prezos no leite

Todas as industrias que recollen leite en Galiza entregaron ás gandeiras e aos gandeiros contratos á baixa

Dende a nosa organización, Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL), estamos a facer un seguimento polo miúdo da estratexia de presión operada polas industrias lácteas, a través da cal, unha vez máis, están a procurar aumentar de maneira inxustificada a súa marxe de beneficios nun contexto comercial no que non se produciron baixadas de prezo ás persoas consumidoras, non existe un aumento da produción suficiente para influír na demanda, nin tampouco unha baixada do consumo. A maiores, a prórroga da supresión do IVE do leite está a privar de certa liquidez ás granxas.

Baixada dos prezos

No mes de xuño chegaron ás granxas propostas de prezo con baixadas importantes respecto ao que se está a cobrar nestes momentos. Unha vez máis, a estratexia da industria é engordar os seus beneficios a costa de estrangular o elo máis desprotegido da cadea: as granxas, ao tempo que os produtos lácteos seguen a manter os seus prezos de venda.

De feito, puidemos comprobar que, independentemente do produto que transformen ou do segmento de mercado diferente no que traballen, o que está a acontecer é unha baixada or-

questrada dos prezos por parte das empresas: todas as industrias que recollen leite en Galiza entregaron ás gandeiras e aos gandeiros contratos á baixa.

Os contratos

A situación de coacción ás gandeiras e aos gandeiros agravouse coa chantaxe que algunhas industrias realizaron cos propios contratos. Lonxe de respectar a obriga vixente dende o 30 de xuño de inscribilos no rexistro de contratos na Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA) antes da súa entrada en vigor, algunhas industrias comunicaron por escrito ás granxas que no caso de

non asinar os contratos e entregar o leite asumen a aceptación automática da Proposta de Contrato ofertada pola industria. O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas xa procedeu a denunciar esta práctica na AICA, dependente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, xa que consideramos que non é un método válido para dar por aceptada a relación contractual.

O litro de leite: 53,33ct/l

Estas ameazas de baixada tiveron lugar ademais nun momento no que os custos de produción seguen a manterse altos, sen que de momento se

noten baixas importantes en insumos principais como a alimentación. Alén diso, nalgúns zonas a seca condiciona que os custos sigan a ser un tema preocupante.

Ademais, teñen lugar nun contexto xa de por si discriminatorio con respecto ás granxas galegas. Malia que Galiza segue a ser o principal produtor de leite a nivel estatal, e ao descenso de produción que está a marcar este último ano, segundo os últimos datos publicados (abril), no noso país as industrias pagan o litro de leite a 53,33ct/l, moi lonxe dos 56ct/l. que perciben as granxas do resto do Estado.



A Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba, e o Coordinador do Sector Leiteiro no SLG, Xulio Fernández, nun momento da entrevista coas voceiras de medio rural do Bloque Nacionalista Galego, Carme Aira e Xosé Luís Rivas a comezos deste mes de xullo.

Até o de agora, nas puntuais ocasións nas que houbo subas de prezos do leite, ao conselleiro faltoulle o tempo para saír de contado afirmando que era mérito do traballo da Consellaría. Agora, na lamentábelmente reiterada situación na que as coaccións na negociación de prezos á baixa, a entrada de leite de fóra e os flagrantes incumprimentos da Lei da Cadea condicionan o escenario a favor das Industrias, o Conselleiro e a Xunta están desaparecidos, mentres a sangría de peche de granxas de leite continúa agravándose: das 6.251 que había hai un ano, xa só quedamos 5.892.

O que necesita o sector é transparencia e unha Administración que pare as baixadas de prezo e cumpra coa súa responsabilidade de facer respectar a Lei da Cadea. A arbitrariedade da Consellaría e os intereses partidistas pouco benefician ao sector, nin á parte produtora nin a industrial. Como xa temos dito, o que compromete o futuro do sector lácteo son as prácticas abusivas das industrias toleradas polas institucións.

Reunións con grupos parlamentarios

A fin de trasladar a nosa preocupación pola inacción e desleixo da Consellaría do Medio Rural (CMR), e procurar unhas liñas de traballo conxunto a nivel parlamentario que permitan presionar á Consellaría do Medio Rural para que actúe fronte á baixada de prezos xeralizada orquestrada polas industrias lácteas, a Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba; a gandeira de leite en ecolóxico e vogal do Sindicato Labrego no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica (CRAEGA), Concha Blanco; e o coordinador do sector leiteiro no SLG, Xulio Fernández, entrevistáronse a principios de xullo co voceiro de Medio Rural do Grupo Socialista, Martín Seco.

De igual xeito, uns días despois, de novo Isabel Vilalba e Xulio Fernández, acompañados polo responsábel do sector lácteo, Manuel Villaverde, e o coordinador do sector leiteiro no SLG, Xulio Fernández, entrevistá-

ronse co voceiro das áreas de agricultura e gandería do Bloque Nacionalista Galego (BNG), Xosé Luís Rivas, Mini, e a voceira das áreas de desenvolvemento rural e política agraria común (PAC), Carme Aira.

Dende o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas pedimos que dende o Parlamento Galego se leven adiante as iniciativas pertinentes para esixir unha maior transparencia por parte da Consellaría do Medio Rural (CMR) e un traballo coordinado por parte da Administración galega que pare de contado as baixadas de prezo do leite e cumpra coa súa responsabilidade de facer respectar a Lei da Cadea, poñendo fin a estas prácticas abusivas das industrias, que están a pór en entredito o futuro das nosas granxas de leite.

Un dos sectores profesionais esenciais na vertebración socioeconómica do medio rural galego.



Isabel Vilalba, Xulio Fernández e a gandeira de leite en ecolóxico e vogal do Sindicato Labrego no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica (CRAEGA), Concha Blanco, durante a entrevista co voceiro da área de medio rural do PSOE Galicia, Martín Seco, para activar solucións urxentes no sector leiteiro.

RAIOS ▶ Dirixímonos á Consellería de Medio Rural e á Consellaría de Industria para que aclare os detalles dun suceso que podería terse cobrado vidas humanas

Solicitamos investigar a morte de 4 animais ao pé dun polígono industrial eólico por mor dun raio

Os aeroxeradores non só atraen, tamén xeran lóstregos. Galiza concentra unha salientábel cantidade de episodios eléctricos

O domingo 4 de xuño catro xatos dun afiliado do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) apareceron mortos a carón do perímetro dun polígono industrial eólico da provincia da Coruña, logo de que durante unha treboada se producira un forte trono nesa zona arredor das 16h., confirmando o rexistro de Meteogalicia o impacto dun raio nese punto.

Investigación do suceso

A Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba, encamiñou o 15 de xuño unha solicitude dirixida ás Consellarías de Industria e Medio Rural urxíndoas a desenvolver as accións precisas para aclarar a orixe e circunstancias nas que tivo lugar este suceso, que podería ter afectado a tres gandeiros que se atopaban traballando na contorna, ao tempo que instou á Xunta de Galicia a facer valer o principio de precaución activando a paralización cautelar de todos os polígonos industriais eólicos actualmente en construción até que sexa aclarado este incidente.

Asemade, solicitou que se dea inicio á elaboración dun informe independente realizado polas universidades galegas ao respecto das situación actual do

noso territorio no tocante ao abano de interaccións que teñen lugar entre os polígonos industriais eólicos e as condicións meteorolóxicas, abonando nos seus efectos sobre a poboación, animais, patrimonio e recursos naturais.

Os parques eólicos e os raios

O impacto de raios é a día de hoxe un dos accidentes máis habituais nos polígonos industriais eólicos, figurando entre os principais perigos a ter en conta polas empresas a nivel de riscos laborais e custos de mantemento destas instalacións. De feito, fai máis dunha década foi clausurado un macropolígono eólico no Mar do Norte, preto de Helgoland (Alemaña), dado que as perdas económicas por mor destas descargas eléctricas eran

tan grandes que o seu funcionamento non resultaba rendíbel. Por outra banda, canda a súa condición de ser considerados “un branco natural para o raio” -debido especialmente ao seu deseño e materiais empregados para a súa construción-, no ano 2014 o grupo de investigación Raios, Electricidade Atmosférica e Alta Tensión, dirixido polo profesor Joan Montanyà, da Universitat Politècnica de Catalunya, demostrou que existe unha relación directa entre o movemento das turbinas dos aeroxeradores dos parques eólicos e a xeración de descargas que en determinadas condicións atmosféricas dan lugar a raios.

Esta equipa científica, referente en toda Europa, rexistrou varios lóstregos ascendentes iniciados

por aeroxeneradores en rotación, detectando mesmo unha repetición periódica de emisións de descargas eléctricas que poden ir dende minutos até horas. Este comportamento periódico non se observou en torres estáticas, revelando que o efecto da rotación estaría a xogar un papel determinante na xeración destes raios, que ademais poden orixinarse a decenas de quilómetros de distancia dunha zona activa de treboadas.

Xa que logo, os aeroxeradores non só atraen as cargas eléctricas dos lóstregos en maior medida que outras estruturas de verticais como poden ser as árbores, senón que en determinadas circunstancias meteorolóxicas poden xerar estas propias descargas eléctricas.



O 4 de xuño catro novillas dun afiliado do SLG-CCLL apareceron mortas a carón dun polígono industrial eólico en A Coruña.

CONTAMINACIÓN ▶ Reclamamos á Xunta medidas urxentes para acabar cos vertidos contaminantes que están a provocar un drástico descenso na produción de marisco nos principais estuarios

43 colectivos unímonos para esixir medidas fronte á contaminación das nosas rías

Os colectivos abaixo asinantes queremos facer público o seguinte:

Levamos desde hai moitos anos reclamando un maior apoio, atención e coidado á Administración en relación ás súas obrigas legais e morais de protexer as rías e, sinaladamente, no referente á necesidade de adicar recursos humanos, económicos e tecnolóxicos para investigar e vixiar as condicións ambientais, os vertidos, a calidade da depuración das EDAR e a calidade das augas dos ríos que alimentan as rías. Das rías vivimos miles de familias e a súa actividade produtiva primaria é un motor socio-económico para todo o tecido produtivo da contorna e de Galiza.

A produción galega de 2022, de ameixas do país (babosa, fina e rubia), redúcese en 2/3 respecto á media dos últimos vinte anos (2002-21) e a de berberecho en 1/4. Pérdese tamén a metade do valor da produción galega de 2022 das devanditas ameixas respecto á media de 2002-21, a pesares da tendencia alcista dos prezos nos últimos anos, como consecuencia da escaseza de produto. Económica-mente esta situación repercute nos ingresos de miles de familias. Se tomamos como referencia as medias euros/ano dos

pasados vinte anos (datos da web pescadegalicia.gal) e tendo en conta a diminución do valor do euro derivada da inflación, as perdas en lonxa do conxunto de Galiza en 2022 elévanse a 25,7 M€ (14,1 M€ na ría de Arousa). Este devalo produtivo afecta directamente aos postos de traballo. En 2001 tiñamos en Galiza 6551 permex de mariscadoras/es (na ría de Arousa 2621) e no ano 2022 contamos con 3614 (na ría de Arousa 1613) (datos IGE).

Un plan urxente

Dende os sectores afectados e os colectivos ecoloxistas levamos moitos anos reclamándolle á Xunta de Galicia a rexeneración integral das rías, o control efectivo dos vertidos e un plan de rexeneración urxente dos bancos marisqueiros cunha forte dotación económica cun estudo multidisciplinar que analice as causas deste alarmante deterioro progresivo. Paralelamente ao abandono e desleixo das súas responsabilidades competentes no referente ao deterioro ambiental e produtivo do noso mar, a Xunta dedícouse a aprobar un conxunto de normativas como a lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais (lei 5/2017), a lei de avaliación am-

biental (lei 9/2021), o anteproxecto da lei de ordenación do litoral de Galicia e o anteproxecto da lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza, que, todas elas no seu conxunto, constitúen unha andamiaxe legal encamiñada a recortar os nosos dereitos ambientais e favorecer, promover e axilizar diferentes iniciativas empresariais (Minas, Altri, Acuicultura industrial e Eólicos) que son claramente lesivas para o ambiente e os sectores produtivos de Galiza.

Estes proxectos traerán máis contaminación aos ríos e ás rías e ocuparán o espazo marítimo tanto dos nosos caladeiros e das actividades pesqueiras como das actuais concesións marisqueiras e das bateas. Entendemos que o abandono do noso mar xunto coa andamiaxe legal para furtar dereitos ambientais e cidadáns, son dúas caras dun mesmo obxectivo: mudar o modelo produtivo sen que haxa un debate social sobre as consecuencias socioeconómicas e ambientais para o conxunto dos intereses maioritarios da sociedade galega. Porque o novo modelo que se pretende instaurar favorece a intereses foráneos e minorita-

rios e crea menos postos de traballo que os que destrúe.

Listaxe de colectivos

Acuimega, ADEGA, Agrupación Marisqueo a flote de Carril, Agrupación Marisqueo a pé de Carril, Agrupación Marisqueo a pé de Noia, APM Amevila, APM A Pobra, APM Illa de Arousa, APM San Amaro, APM San Saturnino, APM Viladomar, APM Vilaxoán, APM Xidoiros Asme-cruz, Asociación Mexiloeira do Barbanza, Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR), Asociación Tralapena de Touro Aspromeri, Confraría de A Pobra do Caramiñal, Confraría de Cabo de Cruz, Confraría de Cambados Confraría da Illa de Arousa, Confraría de Rianxo Confraría de Vilanova de Arousa, Ecoloxistas en Acción, Federación Arosa y Norte (FARN) Federación Rural Galega (FRUGA), Fundación Montescola Mulleres Salgadas - Asociación galega de mulleres do mar, Opmeiga, Opmegal, Plademar Muros-Noia, Plataforma Casalonga Limpa de Residuos, Plataforma en Defensa da Ría de Arousa (PDRA), Plataforma pola Defensa da Ría de Vigo "Cíes", Plataforma Veciñal Mina Touro O Pino Non, Sindicato Labrego Galego (SLG).

DIAs ▶ Estratexia de legalización da violencia medioambiental da Xunta de Galicia: decretos que fan legais irregularidades condenadas pola Xustiza

A Xunta aproba un Decreto para que empresas e “expertos” privados avalíen as polémicas DIAs de macroxectos enerxéticos e mineiros

O Decreto 102/2023 permite que empresas e persoas a nivel privado suplan o traballo dos funcionarios/as públicos

En xaneiro do 2022 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) condenou á Xunta de Galicia por externalizar avaliacións de impacto. Este xullo, ano e medio despois, a Xunta de Galicia burlase da cidadanía galega e da propia Xustiza emitindo o Decreto 102/2023, un texto que procura legalizar a ilegalidade condenada polo TSXG.

A través do mesmo, a Xunta directamente crea un Rexistro de Entidades de Colaboración Ambiental e un Banco de persoas expertas en avaliación ambiental a quen externalizar as avaliacións, obviando a sentenza do TSXG que fai fincapé na importancia de que estes procesos sexan realizados por organismos públicos, a fin de evitar a posíbel inxerencia de intereses privados.

O Decreto 102/2023 non só pretende sacar fóra do control público as avaliacións de impacto da inxente cantidade de polémicos proxectos enerxéticos ou mineiros en tramitación, senón tamén a propia inspección dos mesmos.

O forzado aceleramento administrativo da tramitación de polígonos industriais de produción de enerxía, así como os cada vez máis numerosos casos de proxectos eólicos paralizados polos tribunais debido á súa irregular xestión administrativa, está a ser motivo de preocupación entre as funcionarias e os funcionarios públicos enle-



Mobilización en Carral en protesta pola aprobación masiva de Declaracións de Impacto Ambiental a principios deste ano.

ados na aprobación compulsiva de fábricas de enerxía liderada polo Partido Popular de Galicia.

A estratexia do PPdG

O PPdG, facendo uso da súa maioría absoluta parlamentaria, busca con este Decreto lexitar empresas e persoas a nivel privado para emitir valoracións e realizar tarefas de inspección para o que xa existe persoal de organismos públicos. En lugar de, no caso de ser preciso, incrementar este persoal público, a Xunta vai incorrer nun gasto extra para pagar a estas empresas e persoas que, ademais, coñecedoras da exacerbada vontade da administración galega por darlle para adiante a dúcias de polígonos industriais eólicos, minas e ou-

tras actividades extractivas, pódense ver tentadas a facilitar a súa aprobación para seguir obtendo contratos e incrementar os seus ingresos.

Por outra banda, dende o SLG queremos chamar a atención sobre a potencial perigosidade de establecer un comité de persoas “expertas”, do cal vai ser moi complicado discernir cales destas persoas teñen ou tiveron relación, e de que tipo, cas empresas involucradas na construción de proxectos enerxéticos ou mineiros, ou co propio partido político que aproba este rexistro.

Pedimos derogar xa o DOG

O Sindicato Labrego Galego - Comisións Labregas instou á Xunta de Galicia a derogar de

xeito inmediato o Decreto 102/2023 publicado o 3 de xullo no Diario Oficial de Galicia. Ademais, condena a violencia institucional directa contra a poboación que supón a tentativa de legalizar a construción de macrosuperficies industriais en base á expropiación da veciñanza, a degradación e expulsión do territorio onde habitan, a afectación ao tecido económico e social da contorna, o impacto directo ás granxas e persoas labregas produtoras de alimentos.

A destrución dunha significativa parte do patrimonio cultural galego é un atentado medioambiental e paisaxístico sen precedentes orquestrado con premeditación e alevosía polo Partido Popular de Galicia.

DEREITOS LABREGOS ▶ Composta por 28 artigos, a Declaración das Nacións Unidas é un instrumento estratéxico para fortalecer as loitas e propostas dos movementos rurais

Declaración das Nacións Unidas sobre os Dereitos dos Labregos e das Labregas e doutras Persoas que traballan nas Zonas Rurais

Dende 1993, por medio de La Vía Campesina, millóns de persoas que viven en áreas rurais advertiron ao mundo do desastre. Despois dunha década de mobilizacións e loita para contrarrestar a crecente expansión do capital internacional, La Vía Campesina propuxo e iniciou unha campaña a prol dun instrumento legal internacional para a defensa dos dereitos dos pobos aos seus territorios, sementes, augas e bosques.

Durante 17 longos anos, labregas e labregos, traballadoras e traballadores, pescadoras e pescadores e pobos orixinarios de Asia, África, as Américas e Europa negociaron con paciencia e persistencia dentro e fóra do Consello de Dereitos Humanos da

Organización das Nacións Unidas, compartindo as súas historias de expropiación e desolación. Este proceso de negociación serviu como catalizador e permitiu abordar a campaña con maior vigor.

O 18 de decembro de 2018, estes esforzos finalmente deron o seu froito e a Asamblea Xeral da Organización das Nacións Unidas adoptou a Declaración da ONU de dereitos de labregos e outras persoas que traballan en áreas rurais (UNDROP, polas sus siglas en inglés). Esta Declaración non só considera ás labregas e aos labregos como meros "suxeitos de dereito".

Tamén reconece ás labregas e aos labregos e ás persoas que habitan zonas rurais

como axentes fundamentais para superar as crises. Esta Declaración das Nacións Unidas é un instrumento estratéxico para fortalecer as loitas e propostas dos movementos rurais. Ademais, senta unha xurisprudencia e unha perspectiva xurídica internacional para orientar a lexislación e as políticas públicas e todos os niveis institucionais en beneficio das que alimentan o mundo.

O núcleo da Declaración céntrase no dereito á terra, ás sementes e á biodiversidade, así como en varios dereitos colectivos ancorados na Soberanía Alimentaria. Está composta por 28 artigos (que iremos amosando nos seguintes Fouces), correspondéndose o segundo á obrigação xeral dos estados.


ARTIGO 2:

OBRIGACIÓN XERAL DOS ESTADOS

1. Os estados respectarán e farán efectivos os dereitos das labregas e dos labregos e doutras persoas que traballan nas zonas rurais. Adoptarán sen demora as medidas lexislativas, administrativas e doutro tipo que resulten axeitadas para alcanzar progresivamente a plena efectividade de dereitos da presente Declaración que non poidan garantirse de maneira inmediata.



2. Ao aplicar a presente Declaración prestarase unha atención particular aos dereitos e ás necesidades especiais dos labregos e labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais, en especial ás persoas de idade, ás mulleres, aos mozos e mozas, aos nenos e nenas e ás persoas con discapacidade, tendo en conta a necesidade de loitar contra as formas múltiples de discriminación.

3. Sen prexuízo da lexislación concreta sobre os pobos indíxenas, antes de aprobar e aplicar leis e políticas, acordos internacionais e outros procesos de adopción de decisións que poidan afectar os dereitos dos labregos e das labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais, os estados celebrarán consultas e cooperarán de boa fe cos labregos e labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais, a través das súas institucións representativas, dialogando con quen poidan verse afectados e afectadas polas decisións, antes de que estas sexan adoptadas, e obtendo o seu apoio e tomando en consideración as súas contribucións, tendo en conta os desequilibrios de poder existente entre as diferentes partes e asegurando unha participación activa, libre, efectiva, significativa e informada das persoas e os grupos nos procesos conexos de adopción de decisións.



Artigo 2: Obrigación
xeral dos Estados





ARTIGO 2: OBRIGACIÓN XERAL DOS ESTADOS

4. Os estados elaborarán, interpretarán e aplicarán os acordos e as normas internacionais pertinentes nos que sexan parte dunha maneira compatíbel coas súas obrigas en materia de dereitos humanos que sexan aplicábeis aos labregos e ás labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais.

5. Os estados adoptarán todas as medidas necesarias para garantir que os actores non estatais cuxas actividades estean en condicións de regular, como os particulares e as organizacións privadas, así como as sociedades transnacionais e outras empresas, respecten e reforcen os dereitos dos labregos e das labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais.

6. Os estados, recoñecendo que a cooperación internacional pode achegar un apoio importante ás actividades nacionais encamiñadas a facer realidade os propósitos e obxectivos da presente Declaración, adoptarán medidas pertinentes e efectivas a este respecto de maneira bilateral, multilateral e, se procede, en asociación coas organizacións internacionais e rexionais pertinentes e a sociedade civil, en particular as organizacións de labregos e labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais. Entre estas medidas cabería incluír as seguintes:

- a) Velar por que as actividades de cooperación internacional na materia, incluídos os programas de desenvolvemento internacional, inclúan aos labregos e ás labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais e sexan accesíbeis e pertinentes para eles e elas.
- b) Facilitar e apoiar o fomento da capacidade, por exemplo mediante o intercambio e a distribución de información, experiencias, programas de formación e mellora prácticos.
- c) Facilitar a cooperación en materia de investigación e de acceso aos coñecementos científicos e técnicos.
- d) Proporcionar, se procede, asistencia técnica e económica, facilitando o acceso a tecnoloxías accesíbeis e o intercambio destas transferindo tecnoloxías, en particular aos países en desenvolvemento, en condicións acordadas mutuamente.
- e) Mellorar a xestión dos mercados a nivel mundial e facilitar o acceso oportuno á información sobre os mercados, incluída a relativa ás reservas de alimentos, co fin de limitar a extrema inestabilidade dos prezos dos alimentos e de que a especulación resulte menos atractiva.


30 anos de La Via Campesina: Celebrando un legado de loita e esperanza

Dende maio de 2022, cando La Via Campesina -da que o SLG forma parte- celebrou os seus 30 anos de xesta do movemento labrego en Nicaragua en 1992, con actividades, tamén organizadas pola Coordinadora Latinoamericana de Organizaciones del Campo (CLOC), estivemos honrando e valorando a importancia de La Via Campesina. Este ano, en Mons, Bélxica, reuniuse xunto coa Coordinado Coordinación Europea Via Campesina (ECVC) para conmemorar os 30 anos da súa fundación. Este encontro, que tivo lugar o pasado 15 de maio, non só marcou un fito significativo, senón tamén brindou a oportunidade de continuar fortalecendo o movemento, destacar os triunfos recentes e abordar os desafíos que virán. Entre os logros, encóntrase o papel fundamental desempeñado por La Via

Campesina na adopción da Declaración das Nacións Unidas sobre os Dereitos dos Labregos e das Labregas e doutras Persoas que traballan nas Zonas Rurais en 2018, cuxo segundo artigo vimos de ler. Nun mundo que se enfrenta a diversas crises multidimensionais, incluídos os desafíos da crise climática, a crise alimentaria e as guerras, a agricultura labrega é unha fonte de solucións viábeis.

La Via Campesina estivo na vangarda na defensa dos enfoques agroecolóxicos que priorizou a sostibilidade, a resiliencia e a xustiza social nos sistemas de produción de alimentos. O evento conmemorativo celebrado en Mons brindou unha plataforma para resaltar estas vitorias recentes e subliñar o papel vital desempeñado polo movemento labrego na loita contra os desafíos globais.

Financiado por Entidad Estatal de Seguros Agrarios, O.A. (ENESA). Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación



Que subvención
podo ter?

O Ministerio de Agricultura, Pesca e
Alimentación a través de ENESA concede

ATA
O

61% Da prima
comercial
base neta

Consulte co seu mediador a subvención que lle
corresponde en función das características da
súa explotación.

Infórmese da subvención que lle poida
conceder a súa comunidade autónoma e a
que lle corresponde se contrata a garantía
de ReD.

Cando podo contratar?

Desde o 1 de xuño de 2023 ata o 31 de maio
de 2024.



Que bonificación
podo ter?

ATA
UN **50%**
sobre a prima
comercial do seguro

A bonificación aplícase, unicamente, ás
garantías adicionais. Calcúlase de forma
independente para a garantía adicional
de ReD e para o resto de garantías adicionais.



Que subvención
podo ter?



O Ministerio de Agricultura, Pesca e
Alimentación a través de ENESA concede
até:

MÓDULO

1	75%	Da prima comercial base neta
2 ⁽¹⁾	60%	
3	54%	
P	44%	

(1) Para a liña 308 a subvención correspondente ao
módulo 2 é do 69%.

Infórmate da subvención á que poidas
acceder da Comunidade Autónoma

EN CASO DE SER PERSOAS MOZAS
AGRICULTORAS OU GANDEIRAS,
ESTAS SUBVENCIÓNS (TANTO HORTA
COMO VACÚN) INCREMENTARÍANSE
10 PUNTOS



ENTIDAD ESTATAL DE
SEGUROS AGRARIOS, O.A.
(ENESA)

seguro
20
23

seguro de
**va
cún**
de reprodución
e produción

seguro
20
23



seguro
20
23

Garantía
básica



- Saneamento básico (franquía danos 20 %)
- Mortalidade masiva
- Período improdutivo por morte masiva
- Riscos climáticos
- Ataque de animais
- EEB
- Febre aftosa

Está preocupado*...

...polo saneamento gandeiro?

Esta garantía cobre o sacrificio obrigatorio
dos animais e a perda de cualificación derivada
deste sacrificio por tuberculose, brucelose,
leucose enzoótica e peripneumonía contagiosa
tras as probas de saneamento oficial gandeiro
correspondentes.

(*) Consulte co seu mediador os detalles das garantías

Que novidades ten
este seguro?

ENESA incrementa en 10 puntos
porcentuais a subvención base da
prima do seguro agrario.

Garantías **adicionais**
(carne e leite)



- Retirada e destrución de cadáveres ReD
- Saneamento extra con perda de produción
- Accidentes individuais
- Parto
- Morte de crías
- Diminución da prolificidade: % becerros/ano (carne)
- Privación de acceso a pasteiros
- Meteorismo
- Mortalidade por diversas causas (carne)
- Enfermidades
- Morte súbita
- Carbúnculo
- SRB
- Mamites individuais

...polos accidentes?

Terá cuberta a morte ou sacrificio necesario por
traumatismos, afogamentos, obstrución esofáxica,
perforación do tubo dixestivo, traumatismos no aparato
locomotor e intoxicación aguda.

...polos partos?

Esta cobertura inclúe, ademais,
a cirurxía asociada ao parto.

Ademais, durante o ano 2022, tamén se incluíron
novidades importantes que melloraron as condicións
de cobertura do seguro.

1 Os asegurados con recargas de até un 50 %
poderán acceder á garantía de crías.

Garantías **adicionais**
para explotacións de leite



- Perda de calidade do leite:
 - Aumento de células somáticas
 - Presenza de inhibidores
 - Presenza de aflatoxinas
- Brote mamite

...pola mamite?

Cobre o sacrificio económico e a morte con
diversas opcións segundo o tipo de explotación.

2 Na garantía de diminución da prolificidade,
reducíuse o mínimo indemnizable (de 3 a 2 animais)
sempre que a diminución sexa superior ao 15 %.

3 Mellórase a garantía de perda de calidade
do leite.

COLLEITA

20
23

**horta
lizas**

20
23



colleita

20
23



Seguros de hortalizas: un amplo abano de coberturas
e garantías que se agrupan en liñas de seguro e módulos
a través dos que a persoa produtora poderá elixir
o que máis se axuste ás necesidades da túa granxa.

CÓDIGO DA LIÑA	LIÑAS DE SEGURO	PRODUCCIÓNS ASEGURÁBEIS	RISCOS CUBERTOS
318	AO AIRE LIBRE, CICLO PRIMAVERA VERÁN EN PENÍNSULA E BALEARES	Achicoria raíz, alficor, berenxena, cabaciña, cabaza, calçot, cebola, ceboleta, chirivía, chufa, xudía verde, melón, melón amargo, nabo, okra, pepinillo, pepino, perexil raíz, pemento, porro, rábano, remolacha de mesa, sandía, tomate e cenoria	Xeada, pedrazo, riscos excepcionais e resto de adversidades climáticas
327	AO AIRE LIBRE CON CICLOS SUCESESIVOS EN PENÍNSULA E BALEARES	Acelga, achicoria de folia verde, apio, aromáticas culinarias, baby leaf, berza, bimi, borraaxe, brócoli, coles de Bruselas, col-repolo, coliflor, escarola, espinaca, grelos, funcho, hortalizas orientais, pak-choi kale, leituga e romanesco	Xeada, pedrazo, (non nacemento, só para o cultivo de pataca) riscos excepcionais e resto de adversidades climáticas
324	MULTICULTIVO DE HORTALIZAS	Todas as producións hortícolas	Xeada, golpe de calor, pedrazo, vento, riscos excepcionais e resto de adversidades climáticas
306	BAIXO CUBERTA EN PENÍNSULA E BALEARES	Todas as producións hortícolas	Xeada, pedrazo, vento, virose, riscos excepcionais (neve) e resto de adversidades climáticas
307	AO AIRE LIBRE, CICLO OUTONO INVERNO EN PENÍNSULA E BALEARES	Allete, alcachofa, batata, boniato, cardo, espárrago, guisante verde, faba verde e pataca	Xeada, pedrazo, non nacemento, riscos excepcionais (só para o cultivo de pataca) e resto de adversidades climáticas
328	FRESÓN E OUTROS FROITOS VERMELLOS	Arándano, framboesa, fresa, fresón, grosella e mora	Xeada, pedrazo, riscos excepcionais (neve e vento furacán) e resto de adversidades climáticas

Riscos excepcionais: fauna silvestre, incendio, inundación-chuvia torrencial, chuva persistente. Nas liñas de aire libre inclúese vento furacán.

Ademais, a liña 318 contén as garantías de golpe de calor, virosis e podredume apical, segundo cultivos.

Todos os seguros dispoñen de garantías á produción e ás instalacións (opcional). Os riscos cubertos poden variar en función do ámbito, cultivo, data e tipo de instalación.

Consulta na túa oficina do **Sindicato Labrego Galego** os períodos de garantía e subscrición
e escolle a alternativa que máis se axuste ás necesidades da túa granxa.

Axudas para investimentos en produción vexetal

Aberto o prazo de solicitude das Axudas para investimentos nas granxas agrícolas especializadas en produción vexetal **até o 31 de xullo de**

2025. Para máis información sobre os requisitos do procedemento, contacta coa teu local do SLG (código do procedemento MR419D).

Axuda para a promoción do emprego autónomo

Axuda económica a aquelas persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional na Galiza como traballadoras autónomas ou por

conta propia, para facer fronte aos distintos gastos xerados no comezo da súa actividade laboral. **Prazo aberto até o 29 de setembro** (código de procedemento TR341D).

Axudas polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas e actuacións oficiais

Aberto o **prazo até o 30 de novembro** para solicitar as Indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación das súas

enfermidades (código do procedemento MR553C). Para máis información, contacta coa túa oficina do Sindicato Labrego Gallego-Comisións Labregas e coñece os requisitos desta axuda.

Axudas para paliar os danos producidos polo xabaril

O prazo de presentación da solicitude das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas será dun mes contado

desde o día seguinte ao da comunicación do dano ao teléfono 012. **Prazo aberto até o 10 de novembro** (código de procedemento MT809E).

Subvencións renovación de electrodomésticos

A cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25% do prezo do electrodoméstico para un consumidor xeral, do 50% para consumidores vulnerábeis e do 75% para consumidores vulnerábeis severos.

Prazo aberto até o 30 de setembro ou finalización de fondos (código de procedemento IN414C). Máis información nos establecementos de venda de electrodomésticos adheridos.

Axudas para a conciliación das persoas autónomas

Concilia I: Para persoas que estiveron por baixa de maternidade ou paternidade e contraten para os coidados a unha persoa desempregada cunha duración mínima de **6 meses**.

Concilia II: Para contratar a unha persoa desempregada por coidados dunha persoa menor, maior e/ou persoa con discapacidade ou dependen-

cia con parentesco por afinidade ou consanguinidade até o segundo grao, ou que conviva coa persoa solicitante.

Concilia III: Para contratar un centro ou servizo de coidado de menores, maiores e/ou persoa con discapacidade ou dependencia. **Prazo aberto até o 29 de setembro** (código de procedemento TR341R).

Está aberto o prazo para solicitar os recoñecementos médicos no ISSGA para as persoas labregas. Para facer a solicitude achégate ao teu local do SLG de referencia.

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES



016

Non permitas
que te maltraten.
Solicita axuda
no teléfono 016.

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Compra - Venda - Troco

Véndese

-Tractor Same de 120 CV en bo estado. Barreiros en funcionamento. Zona de Friol
☎982 183 019

Véndese

-Tanque de leite da marca Serap, de 3500 litros. Gorgullos - Tordoia
☎636705285 (Elisardo)

Véndese

-Empacadora Massey Fergusson 124E
☎629 851 614

Véndense

-Ovellas de boa raza.
☎986 689 486 (Ana)

Véndese

-Casa con finca en Sobrado dos Monxes
☎635503763

Véndense

-Esterco
-Ovos para casas e restaurantes.
☎981446501

Alúganse

-Cortes e fincas en Cabanas
☎981446501 (Rosa ou Javier)

Véndese

-Can de palleiro auténtico (Víctor)
☎676 26 84 64

Véndese ou alúgase

-Finca de 2ha, terreo de labradío, no lugar de Galan, Laro. Ten bo acceso a 400m do empalme de Laro. Ten auga.
☎677461844

Véndese ou alúgase

-CASA con 2 naves e 14 has de terreo en Outeiro de Rei. (José Antonio)
☎982 060 865

Véndese

-Xuntador de herba Kuhn de 4 metros de Xunta
-Pinza cortadora de Ternias
-Estendedor de herba Zona de Carballedo

(Lugo) ☎653641823

Véndense

-3 dereitos (1,83 da rexión 18 e 1,15 da rexión 3)
☎641 680 585

Véndese

-Alternador eléctrico de enganche a tractor de 15 kaveas
-Tanque de Refrigeración de leite de 2000 L. Lavado automático marca SERAP
-Abonadora Aguirre Tafaya 400kg.
-Tanque conservación semen
-Silo penso 6000kg. (José Antonio Calviño Olas - Mesía)

☎659 927 961

Búscase

-Peón agro - gandeiro para granxa láctea no Concello de Monfero
☎646 878 067

Véndese

-Abonadora VICON de tractor
☎637 545 179 (Luz)

Véndese

-Muíño de auga de dimensión 10 por 10. Bo estado, con 1ha de terreo xunto ao muíño
-Xatos e xatas de limousin (país con carta) A 10km de Lugo
☎690 774 565

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Rolos de Silo
-Bañeira de leite 1.200 litros, JAPY
-Motor de muxido SAT 1000
☎646 60 11 81
(María Jesus)

Véndese

-50 vacas rubias
-Regálase un mastín de 3 anos
☎610 378 541
(Alberto Vence)

Véndese

-Dereitos
☎659 947 702
(Antonio Doval)

Véndese

-50 ovellas ecolóxico
(A Limia)
☎686 864 735

Véndese

-Batedor de purín con botella de inclinación
-Sementador de patacas de 2 regos seminovo
-Arrastrador con batería (150€)
☎606 508 189
(Miguel, Lánacara)

Véndese

-18 Rolos de herba seca.
-Silo de 16m x 6m.
-3 xovencas frisoas.
☎636 915 510
(José Antonio, Calde)

Véndese

-Estendedor e hilerador de herba seca
☎680 926 816 (Pilar)

Véndese

-Cargador Marangon de simple eixo.
-Tractor Ebro 160 para colección ou repostos
☎696 818 012

Véndese

-Xovencas preñadas (3 e 6 meses)
☎667 001 553
(Monfero)

Véndese

-Becerras Limousin
☎685 884 257
(Javier, Lugo)

Véndese

-Autocargador Campeva de 5 coitelos (con documentación)
-Desinsiladora CORVAR con poldro hidráulico
-Cuba de leite Alfa-Laval trifásica de 1.600 Litros
☎606 697 157



Véndese

-40 rolos de herba seca
☎982 505 755
(Santa Cristina - Cospeito)

Véndese

-Castrón adulto (2 anos) para recría. Saneado. Criado en liberdade con pasto natural.
Na zona de Corme (Ponteceso)
☎659 932 481

Véndese

-Viño do país branco e tinto.
☎986 6894 86 (Ana)

Véndese

-Tractor Lamborghini 80CV dobre tracción (2004)
-Rotativa de 1,85m
☎667 469 962

Véndese

-Cociña de leña
-Caldeira de leña
☎649 369 179
(Pontearreas)

Véndese

-Coche Peugeot 106
☎648 78 82 01
(Oza - Cesuras)

Véndese

-Tubeira, motor de descarga e motor de vacío de tres puntos de sala de muxido
-Desensiladora Kuhn
-Tractor Ebro 160 para repostos
Véndese por separado e acéptanse ofertas
☎646 073 487
(José, Monfero)

Véndese

-Silo de ferro con capacidade de 25 toneladas preparado para cal viva
-Grade de discos de 16x24.
☎630 561 310 (Friol)

Véndese

-Tenreiro Limousin puro para reprodutor
☎606 739 438
(Alejandro)

Véndese

-Autocargador MORRA (en moi bo estado). Con rodas anchas e ITV en vigor. (Zona Oza - Cesuras)
☎650 241 958
648 788 201

Véndese

-Casa no lugar de Parada de Ribeira, a 3 km. de Xinzo de Limia. Amoblada e lista para vivir.
Bo prezo.
☎678 616 746 (Paco)

Véndese

-1.5 ha de millo para ensilar no concello de Abegondo (prezo de mercado)
☎619 267 520

Véndese

-Skoda Fabia de 68 CV TDI, Diesel. Ano 2007 e 212.000 km.
☎692 979 686

Véndese

-Motocultor Pasquali Modelo 968.02. Inclúe remolque con tracción, desbrozadora, fresadora e arado.
-Motoazada Jet 505 HR.
-Motor Honda 5.5 con fresadora e arado
☎605 908 585

Véndese

-Sala de muxido Full Wood, de catro puntos, monofásica
-Tanque de leite Japy 1.200 litros, monofásico
☎690 779 973 (Oroso)

Véndese

-Tractor SAME de 120 cv, con dobre tracción e con turbo. En perfecto estado. Zona Friol
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese

-Autocargador con rotativa.
☎680529642
Abella - Frades (A Coruña)

Véndese

-6 vacas rubias e blondie de aquitania en Oleiros Vilalba, por xubilación.
Paridas, preñadas e próximas ao parto
☎629 17 03 29

Véndese

-Cargador rotativo da marca Rotomorra por falta de uso. (Antonio). Ordes
☎680 385 068

Véndese

-Alpacas pequenas
☎619 267 520

Véndese

Vacas e novillas por peche de granxa. Zona de Carballedo (Lugo, Antonio)
☎616 74 52 24

Véndese

-Véndese carro mesturador arrastrado horizontal Tatoma con fresa de dez metros de 2010. Ideal para unha granxa de 50 vacas a a 70 en muxido. En bo estado, rodas novas e aceites recen cambiados. (Jose Ramón)
☎639 683 278

Véndese

-Empacadora pequena marca Class, no Concello de Oza Cesuras.
☎646 753 984 ou 981 196 224 (Mónica)

Véndese

-50 vacas rubias
-1 mastín de tres anos. Ben coidado. Búscase persoa responsable.
Zona de Rodeiro
☎610 37 85 41

Véndese

-Grupo halógeno para tractor
-Revolvedor do purín
-Resinsiladora
-Xuntador de herba
-Extendedor de herba (Zona de Meira. Prezo a convir) ☎982 330 623 // 662 471 382

Véndese

-Casa para restaurar con terreo de 3000 m. No concello de Lánacara, zona Carballal, prezo negociábel. :
☎606 5081 89 (Miguel)

Véndese

-Leña para biomasa
☎670 895 789

Véndese

-Autocargador
-Extendedor
-Bertolina
-Sulfatadora
Zona de Portomarín
☎626 686 509

Véndese

-Plastificadora
-Rotativa
-Empacadora
-Tanque de leite de 1.000 l.
-Remolque
-Batedor de xurros
-Circuíto de muxido de catro puntos
☎669 836 716

Véndese

-Tanque de frío marca ALFA LAVAL para 430 litros e catro muxiduras
-Rolos de silo desta campaña
-Segadora de man marca ALFA, modelo A-100
☎689 601 768 (Emilio)
Chamar a partir das 15:00

Véndese

-Boi (4 anos) grande e manso. A 8 km de As Pontes. ☎600 830 624

Véndese

-Máquinas de limpar
-Muíño eléctrico
No Corgo (Manuel, Lugo)
☎648 718 864



Véndese

-Rolos de herba seca en Lugo. (Andrés)
☎646 665 896

Véndese

-60 bolos de silo e 30 de herba seca en Sobrado
☎677 752 829
(José Antonio)

Véndese

-27 tubos de Formigón, seminovos. Diámetro 40.
-Apeiros de tracción animal (babalo) carro, arado e grade, etc.
-Bidón de 1000L aceiro inox de viño, ideal para o mel (seminovo)
-Muxidora de caldeira, co motor.
Zona de Melide
☎651 99 55 03

Véndese

-Vacas pintas de leite
☎650 107 657

Véndese

-Cisterna purín Cisca nova galvanizada 5000l compresor 2800l capacidade.
Zona de Melide.
☎604 028 980

Véndese

-Cadeira de cabalo con agarradeiras
-Becerro Limousin (ambos pais con carta)
☎690 774 565

OUTROS

Alúgase

-Cuadra para gando vacún no lugar de Trazo Km 6, Numide - Tordoia. (preguntar por Balbina)

Alúgase

-Cuadra (Ordes - Trazo Km. 6, Numide - Tordoia)
☎680 926 816 (Pilar)

Alúgase

-4 Fincas de labradío (12ha.)
☎696 818 012 (Baixa de Trazo)

Alúgase

-Establo libre e fincas
☎981 446 501
(Cabanas)

Alúgase

-Granxa de leite con cortes vellas, novas e fincas. En Reboredo (Frades). Dispón de rodadeira, sala de muxido, sala de espera, etc.
-Tamén hai posibilidade de mercar o gando existente na granxa actualmente
☎628 829 199

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Bernardo Fern3ndez Requeixo foi o primeiro Secretario Xeral do Sindicato Labrego Galego - Comisi3ns Labregas. A s3a traxectoria rem3ntase a 1979, onde resultou escollido no marco do I Congreso das Comisi3ns Labregas de Galiza. Neste Fouce especial 50 aniversario (1973-2023), entre outras personaxes a destacar na historia do SLG-CCLL, falamos con Fern3ndez Requeixo para lembrar os seus inicios nas Comisi3ns Labregas de Galiza.

As Comisi3ns Labregas seguen aqu3

✓ Bernardo, como e cando comezaches a estar vinculado coas Comisi3ns Labregas?

Cando estaba en Vilalba, nas Pontes, alg3n contacto tivera. Naquel momento a xente que se vinculada ao nacionalismo de esquerda andabamos un pouco a todo. 3s veces iamos a asembleas de obreiros. Primeiro foi nas Pontes, al3 estaba vinculado ao SOG -Sindicato Obreiro Galego- e logo fun 3 mili. Volv3n cando foi a manifestaci3n de Xove (Lugo, 1977) e incorporeime de novo 3s Pontes, pero pouco tempo. Logo fun para a Escola de Capacitaci3n Agraria, deb3n de estar arredor de 1978 e 1979 coincidindo xa coa problem3tica da cota empresarial.

✓ Fuches escollido o primeiro Secretario Xeral das Comisi3ns Labregas no 1º Congreso de 1979. Por que apostaches pola defensa do agro galego?

No campo obreiro o sindicalismo nacionalista triunfou, no agro con moitas m3is dificultades. Pero moitas persoas que comezamos al3 daquela saltabamos dun lado para outro, dependendo das circunstancias que nos levaran a colocarnos. Eu fun para a banda das labregas e dos labregos porque era fillo de labregos. Hab3a moita ilusi3n, moito voluntarismo e moito sacrificio incluso econ3mico por parte de moita xente. Nos inicios po3iamos sobre todo o voluntarismo.

✓ Que conflitos destacar3as ao longo da etapa na que estivesches ao cargo da organizaci3n?

A primeira folga do leite en Ga-



Bernardo Fern3ndez Requeixo ao car3n do arquivo hist3rico do Fouce, no local nacional do SLG-CCLL, en Compostela.

liza para tratar de conseguir un prezo m3is xusto para este produto e, fundamentalmente, o tema da cota empresarial. Nel mant3vose o tipo, nunhas comarcas m3is que noutras, pero resaltando a idea de non pagar. Ata que eu estiven non houbera ning3n embargo, logo si que comezaron. Tam3n lembro que unha vez, entre finais de 1980 e comezos de 1981, asaltamos a presidencia da Xunta de Galicia un grupo de labregos. Era a pre-autonom3a. Estaba Xulio de Mondo3edo [entrevistado neste Fouce], o Primo, etc. Hab3a m3is xente pero aos que entramos dentro lev3rannos para comisaria. Ficamos al3 2 ou 3 d3as. Os que nos moviamos no mundo organizado mov3anos sobre todo por cuesti3ns pol3ticas.

✓ En novembro de 1973 sae do prelo o primeiro Fouce, vo-

ceiro das Comisi3ns Labregas de Galiza. Cal cres que 3 a importancia do xornal para o Sindicato Labrego Galego?

Un bolet3n de informaci3n 3 fundamental para unha organizaci3n. No per3odo no que estiven a precariedade econ3mica era moi grande e sacabamos un folleto moi pequeno. Pero o feito de ter un peri3dico de expresi3n que pode achegar ao sector ao que ti te dirixes 3 fundamental. Na clandestinidade, o que se fac3a cando hab3a un conflito que comunicar eran follas e, dunha maneira ou doutra, f3anse distribu3ndo. Nesas primeiras etapas o Fouce l3ano os colaboradores. Despois a maneira que houbo de chegar ao agro, que foi unha decisi3n pol3tica, foi facer asembleas en todas as aldeas. Fix3ronse asembleas en moitas. 3a facelas quen lle cadrase e a xente acu-

d3a. Xustabase moita xente. As asembleas convoc3banse sobre todo a trav3s de colaboradores, entre eles moitos mestres e curas. 3 dicir, a primeira conexi3n co mundo rural foi polo tema da cota e foi de palabra, a xente convocouse de palabra. Nese senso, Lugo foi a vangarda na organizaci3n do agro.

✓ Hai alg3n suceso que lembres con especial interese?

As mobilizaci3ns eran a hostia! Recordo que naquela 3poca a capacidade de mobilizaci3n e de liberdade que ti3amos era moito maior que a de hoxe. Eu non me arrepiro de nada do que fixen. O traballo que se fixo foi fundamental. Hoxe as Comisi3ns Labregas seguen estando aqu3 e seguen estando no agro e en parte iso 3 froito de todo ese traballo de antes que fomos facendo.